

**1º SUPOSTO (galego).**

En data 23 de marzo de 2022, Macelino M, presenta no rexistro do Concello un escrito dirixido á Área de Seguridade e Movilidade, mediante o cal solicita a concesión dunha licenza de entrada de vehículos a través da vía pública (un vao) para o portal do garaxe da súa casa, na rúa Estelada nº 32.

Como o escrito de solicitude presentado non reunía os requisitos establecidos na Ordenanza municipal, fíxoselle un requirimento asinado pola técnica de Seguridade, en data 7 de abril de 2022, concedéndoselle ao interesado un prazo de 10 días para emendar a solicitude.

Para asegurarse da eficacia da actuación administrativa, por parte da Área de Seguridade acordouse realizar a notificación do requirimento a través do notificador municipal, que realizou un primeiro intento de notificación o 11 de abril ás 13:15 horas e outro o 14 de abril ás 15:30 horas. Como ambos os intentos resultaron infrutuosos, o trámite publicouse finalmente no Boletín Oficial do Estado de data 18 de abril de 2022.

En data 27 de maio de 2022, Dª Rosalía M, filla de Marcelino M, presenta un escrito a través da sede electrónica do Concello, comunicando que o seu pai faleceu e que ela, como herdeira, é agora a propietaria da vivenda e garaxe da rúa Estelada nº 32, como así acredita, polo que solicita que se lle conceda unha ampliación do prazo que se lle concedeu ao seu pai, para poder reunir e presentar toda a documentación que se lle requiriu no expediente de solicitude do vao.

Mediante notificación de data 30 de maio, concédeselle a Rosalía M, unha ampliación de prazo de 5 días para emendar os defectos detectados na solicitude do seu pai, que é contestada pola interesada mediante escrito presentado en sede electrónica dentro do prazo concedido.

Meses máis tarde, concretamente o 7 de setembro de 2022, como non recibiu ningunha comunicación máis do expediente, Rosalía M, entende concedida a solicitude da licenza de entrada de vehículos por silencio administrativo e pon un adhesivo de vao no portal do seu garaxe.

Finalmente, por resolución da Concelleira de Seguridade e Movilidade de data 23 de setembro, concédeselle a Rosalía M a licenza de entrada de vehículos a través de vía pública (o vao), na rúa Estelada nº 32.

Pasado o tempo, e con motivo da tramitación doutro expediente de vao na mesma rúa Estelada, esta vez referido ao número 34, a administración comproba que a documentación que presentara Rosalía M no seu expediente, era a referida á vivenda e garaxe do nº 34, (que tamén era inicialmente do seu pai Marcelino e que herdara o seu irmán), pero non a do nº 32 na que se lle concedeu a ela a licenza.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 11/03/2025 14:03

Páxina 1 de 2

41100-220

CSV: AFAEEA-BFBDC6-ED2433-NBF9JJ-VDF6X1-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Por este motivo, por resolución do 15 de febreiro de 2023, rectifícase a resolución de data 23 de setembro de 2022, fundamentándose que, detectado un erro na documentación do expediente, desestímase a solicitude de vao para o nº 32 da rúa Estelada.

O 3 de maio de 2023, Rosalía M, presenta un recurso extraordinario de revisión, fundamentando que, revisando uns cartafóles do seu pai falecido, apareceu a documentación que se lle requiriu no seu momento referida á rúa Estelada nº 32, e que, de catro documentos que se lle esixían, polo menos dous xa deberían de figurar nos arquivos municipais pois foran expedidos polo propio concello nos anos 90.

CUESTIONS:

1. Analiza de forma motivada todos os incidentes do suposto que consideres relevantes referidos tanto á actuación da administración como dos interesados.

(3 puntos).

2. Podería esixir o Concello algún tipo de tributo pola utilización do vao ou entrada de vehículos a través da vía pública? Razoa a resposta. (1 punto).

3. No caso de que a resposta á pregunta anterior sexa afirmativa, que tipo de procedementos ou acordos previos debería realizar o Concello para esixir o tributo que proceda? Razoa a resposta. (1 punto).



Copia do documento - Concello de Vigo
41100-220

Data impresión: 11/03/2025 14:03 Páxina 2 de 2
CSV: AFAEEA-BFBDC6-ED2433-NBF9JJ-VDF6X1-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>